

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. – Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro “Galego” entre os números **G1** e **G12**, da “FOLLA DE RESPOSTAS”.
3. – O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. – Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na “FOLLA DE RESPOSTAS” é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que enchese por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a “FOLLA DE RESPOSTAS” no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Todas as palabras destas opcións son do xénero masculino EXCEPTO:

- A) Análise
- B) Corvo
- C) Cume
- D) Lume

2. Todas as palabras destas opcións son do xénero feminino EXCEPTO:

- A) Legume
- B) Carne
- C) Ponte
- D) Síndrome

3. Indique cal dos seguintes termos NON se refire a unha parte do corpo humano:

- A) Pulso
- B) Queixo
- C) Braceira
- D) Meixela

4. Sinale a relación INCORRECTA de singular/plural:

- A) algún/algúns
- B) fusil/fusiles
- C) azul/azuis
- D) áxil/áxiles

5. Sinale a opción correcta. A frase feita "Non ter unha fala máis alta que outra" significa:

- A) Ver os perigos, os males de algo.
- B) Non alterarse por nada, ser comedido.
- C) Ir mesturando o bo e o malo.
- D) Despedir de mala maneira.

6. Sinale a relación INCORRECTA de singular/plural:

- A) local/locais
- B) bo/bos
- C) xirasol/xirasoles
- D) fax/faxes

7. Indique cal dos seguintes termos se refire a unha parte do corpo humano:

- A) Deda
- B) Palma
- C) Planta
- D) Todas as respostas son correctas

8. Todas as palabras destas opcións son do xénero feminino EXCEPTO:

- A) Longametraxe
- B) Ordenación
- C) Dote
- D) Auga

9. Todas as palabras destas opcións son do xénero masculino EXCEPTO:

- A) Val
- B) Arma
- C) Poema
- D) Nariz

10. Sinala a opción correcta. A frase feita "Poñer o carro diante dos bois" significa:

- A) Non acougar en ningures.
- B) Saír o máis rápido que se pode.
- C) Facer algo moi á présa, antes do debido ou ao revés.
- D) Elixir o que se queira e como se queira.

Preguntas de reserva

1. Sinale a relación INCORRECTA de masculino/feminino:

- A) xudeu/xedea
- B) curmán/curmá
- C) can/cadela
- D) ladrón/ladra

2. Sinale a serie de palabras correcta:

- A) Adictos, obxectivo, detetado, sustitúe.
- B) Adictos, obxectivo, detectado, substitúe.
- C) Aditos, obxetivo, detectado, sustitúe.
- D) Adictos, obxetivo, detetado, substitúe.